



Inserción laboral da formación para o emprego

CURSOS 2011

Observatorio Ocupacional
Instituto Galego das Cualificacións
Dirección Xeral de Emprego e Formación
Consellería de Traballo e Benestar
Xunta de Galicia

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	1
2. OBOECTIVOS	2
3. METODOLOXÍA E FONTES DE INFORMACIÓN	3
4. RESULTADOS GLOBAIS DO ALUMNADO 2011	4
5. ANÁLISE TERRITORIAL.....	4
5.1. ANÁLISE PROVINCIAL.....	4
5.2. ANÁLISE COMARCAL.....	5
5.2.1. <i>Comarcas urbanas</i>	6
5.2.2. <i>Comarcas que teñen, polo menos, 100 alumnos formados (excluídas as comarcas urbanas)</i> 8	
5.2.3. <i>Comarcas que teñen entre 30-100 alumnos formados</i>	10
5.2.4. <i>Comarcas con menos de 30 alumnos formados</i>	11
6. ANÁLISE POR FAMILIAS	12
6.1. ALUMNADO FORMADO E INSERIDO POR FAMILIA PROFESIONAL.....	12
6.2. PERFIL DO ALUMNADO INSERIDO POR FAMILIA PROFESIONAL.....	15
6.3. ESPECIALIDADES FORMATIVAS CON MELLORES RESULTADOS	17
7. ANÁLISE DO ALUMNADO INSERIDO	21
7.1. ALUMNADO INSERIDO POR SEXO E NIVEL ACADÉMICO	21
7.2. ALUMNADO INSERIDO POR IDADE E NIVEL ACADÉMICO	23
8. ANÁLISE DOS CONTRATOS REALIZADOS	25
8.1. ACTIVIDADE ECONÓMICA DA EMPRESA CONTRATANTE	25
8.1.1. <i>Clasificación por sector económico</i>	25
8.1.2. <i>Clasificación en seccións CNAE</i>	26
8.2. GRUPOS OCUPACIONAIS	29
8.2.1. <i>Clasificación en grandes grupos ocupacionais</i>	29
8.2.2. <i>Clasificación en grupos primarios</i>	31
8.3. TIPOLOXÍA DOS CONTRATOS	34
9. CONCLUSIÓN.....	36
9.1. ANÁLISE TERRITORIAL	36
9.2. ANÁLISE POR FAMILIAS	36
9.3. ANÁLISE DO ALUMNADO INSERIDO	37
9.4. ANÁLISE DOS CONTRATOS REALIZADOS.....	38



1. Introducción

Un dos principais obxectivos da política formativa da Consellería de Traballo e Benestar é mellorar a cualificación profesional e, a través dela, as oportunidades de colocación dos traballadores e das traballadoras desempregados.

Con independencia do maior ou menor grao de dinamismo que presente o mercado de traballo nun momento dado, a análise do proceso de inserción laboral do alumnado dos cursos implementados desde a Consellería de Traballo e Benestar resulta de grande interese de cara a perfilar actuacións e políticas educativas e laborais de carácter xeral, á parte, como é obvio, da utilidade intrínseca derivada da análise dos ditos fenómenos: o coñecemento da transición do alumnado desde estas accións formativas ao mercado de traballo.

A avaliación dos cursos de formación para o emprego enténdese como un proceso continuo de valoración de resultados que debe ser realizado antes, durante e despois de cada unha das actuacións levadas a cabo co fin de mellorar continuamente a eficacia e a calidade dos programas formativos executados. O sistema de avaliación non se reduce ao período en que os alumnos e as alumnas se atopan participando nos cursos, senón que se amplía ao período posterior á súa finalización. Esta avaliación que nos ocupa neste informe ten como principal obxectivo coñecer o nivel de inserción laboral conseguido polo alumnado formado e a conseguinte influencia que no logro dela poida constituír o feito de ter participado nos cursos de formación ofertados. Deste xeito, o resultado da inserción laboral ilustra e calibra a perspectiva xeral dos cursos de formación para o emprego como instrumento principal para dar resposta a unha necesidade de formación en ocupacións reais do mercado de traballo e á capacitación para o seu desempeño profesional que permite a actualización constante en función da demanda laboral.

O Instituto Galego das Cualificacións conta cun Observatorio Ocupacional que ten dentro das súas principais funcións a de estudar a relación formación-emprego para coñecer o grao de adaptación efectiva que se consegue entre a formación impartida polas institucións e centros de formación e os requirimentos dos traballos nas empresas. O documento elaborado presenta un informe de resultados a partir dunha análise da inserción laboral dos alumnos e alumnas participantes nas accións formativas programadas pola Consellería de Traballo e Benestar durante o ano 2011.




2. Obxectivos

Unha das ferramentas que pretende servir como criterio ou apoio na toma de decisións sobre as accións que se deben subvencionar é, precisamente, a información achegada pola avaliación da formación. Ademais de tratar de realizar un seguimento e control dos investimentos que en materia de formación e emprego realiza, a Dirección Xeral de Emprego e Formación está interesada en coñecer o perfil das persoas participantes nas accións formativas e as repercusións laborais que ten a realización dos cursos no alumnado. Neste sentido, o obxectivo principal do informe é analizar a inserción laboral do alumnado formado nas accións formativas dirixidas ao colectivo de desempregados.

Podemos definir outros obxectivos intermedios:

- Medir os efectos das políticas formativas desde unha perspectiva do mercado de traballo; é dicir, coñecer o alcance e adecuación da oferta formativa respecto aos requirimentos da actividade económica actual.
- Identificar aquelas accións formativas que contan cun nivel de inserción laboral maior, así como o perfil das persoas que, tras acudir aos cursos, acceden ao emprego.

OBXECTIVOS INTERMEDIOS





3. Metodoloxía e fontes de información

Para a elaboración deste informe, tomamos como referencia, exclusivamente, os cursos ofertados a desempregados. As vías de programación foron as accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD). Os datos analizados correspóndense co ano 2011.

Partimos da análise dos resultados descritos para aqueles alumnos que acadaron o seu certificado acreditativo, descartando aqueloutros que obtiveron resultado negativo ou ben abandonaron o curso por diferentes causas.

Traballamos cos conceptos de inserción bruta e inserción neta:

Inserción bruta: consideramos inseridos os **alumnos que conseguiron un contrato laboral nos doce meses seguintes á data de finalización do curso**. Quedarían excluídos da análise aqueles que se estableceron por conta propia.

Inserción neta: **dos alumnos inseridos, contamos aqueles que conseguiron un contrato laboral nos doce meses seguintes á data de finalización do curso, pero que, ademais, o posto de traballo acadado está relacionado co contido do curso de referencia**. Quedarían excluídos da análise aqueles que se estableceron por conta propia.

O ámbito xeográfico de referencia é Galicia, con resultados desagregados por provincias e comarcas, tendo en conta o domicilio do centro impartidor.

O informe desenvolve os resultados da inserción do alumnado formado, agrupados por familia profesional e distribuídos en función de diversas variables: sexo, idade, nivel académico, tipoloxía da contratación, actividade económica e grupos ocupacionais.

O rexistro de contratos que utilizamos para comprobar o grao de inserción real do alumnado foinos subministrado polo acceso directo á base de datos que serve de soporte á sección de contratos das oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia. Por outra banda, a base de datos do Sistema de formación para o emprego da Consellería de Traballo e Benestar (SIFO) ofrece información sobre os cursos impartidos.



4. Resultados globais do alumnado 2011

A programación de cursos dirixida a desempregados no ano 2011 acadou un total de **13.563 alumnos formados cunha inserción do 45%**, se temos en conta un período de 12 meses desde que remataron os cursos. **O 66% deste alumnado xa conseguiu un traballo nos primeiros 6 meses.**

Do 45% dos alumnos inseridos atopan traballo relacionado co obxecto do curso un 25%, o que indica que **1 de cada 4 consegue traballar nas materias en que se formou.**

Todos estes datos pasamos a estudalos en maior profundidade atendendo a diferentes niveis de análise.

5. Análise territorial

5.1. Análise provincial

Atendendo ao repartimento nas catro provincias galegas, a situación é a que segue:

Táboa: Alumnos formados e inseridos (inserción bruta) nas catro provincias galegas


	Formados	12 meses desde remate do curso	
		Inseridos	% inserción
A Coruña	4.368	2.042	47%
Lugo	2.041	931	46%
Ourense	3.019	1.245	41%
Pontevedra	4.135	1.953	47%
GALICIA	13.563	6.171	45%

As provincias da Coruña e Pontevedra aglutinan un 63% do alumnado, fronte a un 15% en Lugo e un 22% en Ourense. Esta última é a única provincia galega que reflicte un resultado de inserción por debaixo da media galega, mentres que as outras tres se sitúan por enriba.

Baseando a nosa análise na inserción do alumnado aos 12 meses contados desde a finalización do curso, a situación por provincias quedaría reflectida no seguinte gráfico de barras:



Alumnos formados e inseridos (inserción bruta) por provincias



En canto á **inserción neta** por provincias a única provincia que supera o 25% de media galega é A Coruña, cun 29%. As outras tres sitúanse por debaixo: Lugo (24%), Ourense (23%) e Pontevedra (22%).

5.2. Análise comarcal

A análise provincial resulta moi xenérica para unha programación de cursos que, en moitos casos, se realiza partindo dun anexo de prioridades formativas de carácter comarcal.

En calquera caso, analizar de xeito conxunto as 53 comarcas galegas resulta pouco homoxéneo, xa que o volume de alumnos formados e inseridos que podemos atopar en cada unha delas non permite extraer conclusións xerais. Será pois necesario estratificar estas áreas territoriais partindo do volume de alumnos formados e, deste xeito, poder establecer comparativas entre zonas semellantes entre si.


Partindo deste criterio imos clasificar as 53 comarcas en catro grupos de análise:

- Comarcas urbanas (referidas ás sete grandes cidades): A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.
- Comarcas que teñen, polo menos, 100 alumnos formados, excluídas as das sete grandes cidades.
- Comarcas que teñen, polo menos, 30 alumnos formados e menos de 100.
- Comarcas con menos de 30 alumnos formados.



Segundo esta distribución, o repartimento do total dos 13.563 alumnos formados corresponderíase co seguinte gráfico de sectores:

Alumnos formados por comarcas agrupadas




5.2.1. Comarcas urbanas

Estas sete comarcas presentan un volume de alumnado (63%) que, moitas veces, condiciona a inserción global da súa respectiva provincia.

A situación con respecto á media de Galicia é a que segue:

Inserción bruta nas comarcas das sete grandes cidades con respecto á media galega






Existe unha dispersión de ata 14 puntos nos datos de inserción entre as sete comarcas, resultados extremos que se aprecian incluso dentro da mesma provincia: a comarca da Coruña acada un 51% de inserción situándose moi por riba do resto, fronte a un 37% reflectido na comarca coruñesa de Ferrol. Por enriba da media galega estaría a citada comarca da Coruña, xunto con Santiago, Vigo e Lugo.

Ourense reflicte un dos peores resultados, circunstancia que motiva, en gran medida, a inserción nesta provincia (41%).

A inserción parcial¹ no conxunto das comarcas urbanas acada o 45%.

Parte do alumnado que atopou traballo, fíxoo en ocupacións relacionadas co obxecto do curso, circunstancia que presenta distintos resultados segundo a comarca que se estude. Os resultados aparecen no gráfico seguinte:



A provincia da Coruña aparece, novamente, co mellor resultado, xa que, 1 de cada 3 alumnos atopa traballo relacionado co obxecto do curso. No entanto, a provincia de Lugo, que aparecía cunha inserción bruta inferior a Vigo e Santiago, escala posicións e obtén unha inserción neta superior en catro puntos á media galega.

Por outra banda, mentres que Vigo aparecía cunha inserción bruta das máis elevadas, a inserción neta é a máis baixa, o que indicaría que o mercado laboral desta comarca move contratación pero pouco relacionada co obxecto dos cursos. Caso contrario é o de Ferrol, cun mercado de traballo máis

¹ A inserción parcial calcúlase dividindo a suma de inseridos (inserción bruta) nas sete comarcas entre a suma de formados nelas.




mermado pero onde os cursos de formación para o emprego atopan mellores resultados á hora de empregar aos seus alumnos en cursos relacionados.

A comarca de Santiago iguala a media galega mentres que Ourense e Pontevedra seguen por debaixo, en consonancia cos seus resultados de inserción bruta.

5.2.2. Comarcas que teñen, polo menos, 100 alumnos formados (excluídas as comarcas urbanas)

O seguinte diagrama de barras resume a situación dun total de 19 comarcas que representan ao 28% do alumnado formado:

Inserción bruta comarcas con máis de 100 alumnos, excluídas as comarcas urbanas



As comarcas que superan un 50% de inserción son Sarria, Terra Chá, Bergantiños e, moi por enriba do resto, Tabeirós-Terra de Montes. Cómpre salientar que 9 das 19 comarcas superan a media galega do 45% de inserción.




Dentro das comarcas que contan con máis de 200 alumnos formados, as que presentan mellores resultados son: Tabeirós- Terra de Montes, O Salnés, e A Limia, superando todas elas a media de Galicia.

O conxunto destas 19 comarcas obtén unha inserción bruta parcial² do 46%, situándose lixeiramente por enriba das comarcas urbanas, e superando nun punto a media galega.

Se analizamos a inserción neta do conxunto, a situación varía lixeiramente, xa que perdemos un punto porcentual con respecto á media, e dicir, do total de alumnos inseridos atopan traballo relacionado un 24% deles. A situación por comarcas é a que segue:

Inserción neta comarcas con máis de 100 alumnos, excluídas as comarcas urbanas



Das comarcas que presentaban unha inserción bruta superior á media galega obteñen tamén unha inserción neta superior ou igual ao 25%, O Condado, A Limia, Sarria, Terra Chá, Bergantiños e

² A inserción parcial calcúlase dividindo a suma de inseridos (inserción bruta) nas dezanove comarcas entre a suma de formados nelas.




Tabeirós Terra de Montes. No entanto, as comarcas do Salnés e O Baixo Miño cunha inserción bruta do 48% presentan unha inserción neta pouco relevante.

5.2.3. Comarcas que teñen entre 30-100 alumnos formados

Este novo bloque de análise caracterízase por unha serie de 18 comarcas que, sen ter un gran volume de alumnado (8%), obtén en xeral bos resultados, e son poucas as que se sitúan por debaixo do 45%.

A situación aparece reflectida no gráfico seguinte:



Atopamos un total de sete comarcas que superan o 50% de inserción: A Paradanta, cun 60%; Arzúa e Noia, cun 56%; Allariz-Maceda, Ordes e Fisterra acadan un 53%; e A Ulloa, reflicte o 52%. Ademais destas sete comarcas que superan o 50%, as seguintes estarían situadas por enriba da media galega neste grupo de análise: Muros, A Barcala, Terra de Celanova, A Mariña Oriental, Viana e Terra de Melide. Por outra banda, tan só cinco comarcas se sitúan por debaixo da media galega: dúas delas por enriba do 40%, Chantada e Betanzos; e, as outras tres, con porcentaxes máis baixas, Xallas (37%), Eume (36%) e Baixa Limia (29%).


O conxunto das 18 comarcas obtén unha inserción parcial³ do 47%, situándose dous puntos por enriba da media galega. Esta circunstancia podería indicar que os territorios pequenos dirixen a formación cara a unha demanda de emprego específica e máis recoñecible.

³ A inserción parcial calcúlase dividindo a suma de inseridos (inserción bruta) nas dezoito comarcas entre a suma de formados nelas.



De feito, se estudamos a inserción neta, acadan un 29%, o que situaría este grupo catro puntos porcentuais por enriba do 25% de media, o cal parece incidir na idea anterior.

A situación en cada unha das comarcas quedaría reflectida no seguinte gráfico:



En xeral, as comarcas con inserción bruta superior á media galega contan cunha inserción neta que supera o 25%; no entanto, hai excepcións de interese. Por unha banda, o caso de Betanzos e a Baixa Limia, cunhas insercións brutas baixas (a Baixa Limia só acada un 29%) e unhas insercións netas que superan con moito a media galega (o alumnado destas zonas atopa traballo en ocupacións relacionadas en grande medida co obxecto dos cursos). Por outra, temos o caso contrario, unha serie de comarcas nas que, aínda que obteñan bos resultados, segundo a súa inserción bruta, o número de alumnos que atopa traballo relacionado non resulta moi significativo: A Barcala, Terra de Melide, A Ulloa, Muros e A Mariña Oriental.

5.2.4. Comarcas con menos de 30 alumnos formados

O número de alumnos formados nestas comarcas non permite extraer conclusións significativas sobre as porcentaxes de inserción acadadas. As comarcas que están incluídas neste bloque son: Terra de Soneira, O Sar, Os Ancares, Quiroga, A Fonsagrada, Meira e Ortegal.

As comarcas de Terra de Caldelas e Terra de Trives non presentan ningunha programación formativa no ano 2011.



6. Análise por familias

6.1. Alumnado formado e inserido por familia profesional

A familia de Administración e Xestión e os Servizos Socioculturais e á Comunidade destacan claramente sobre as demais polo volume de formados que presentan. Consecuentemente, en termos absolutos, son estas dúas familias as que presentan un maior número de alumnos inseridos.

Táboa: Alumnos formados e inserción bruta por familia


	Formados	Inseridos	% Inserción
Actividades Físicas e Deportivas	169	82	49%
Administración e Xestión	2.605	1.052	40%
Agraria	390	142	36%
Artes e Artesanías	61	24	39%
Artes Gráficas	565	226	40%
Comercio e Márketing	800	512	64%
Edificación e Obra Civil	287	122	43%
Electricidade e Electrónica	331	108	33%
Enerxía e Auga	451	194	43%
Fabricación Mecánica	310	138	45%
Hostalaría e Turismo	815	380	47%
Imaxe e Son	60	25	42%
Imaxe Persoal	208	102	49%
Industrias Alimentarias	93	45	48%
Informática e Comunicacóns	1.102	420	38%
Instalación e Mantemento	80	29	36%
Madeira, Moble e Cortiza	141	39	28%
Marítimo-Pesqueira	14	5	36%
Química	13	8	62%
Sanidade	1.021	469	46%
Seguridade e Medio Ambiente	296	204	69%
Servizos Socioculturais e á Comunidade	2.418	1.237	51%
Téxtil, Confección e Pel	21	18	86%
Transporte e Mantemento de Vehículos	1.312	590	45%
GALICIA	13.563	6.171	45%



De feito, podemos comprobar como sete familias aglutinan as tres cuartas partes do alumnado, aínda que con resultados de inserción moi dispares:

- Administración e Xestión
- Comercio e Márketing
- Hostalaría e Turismo
- Informática e Comunicacóns
- Sanidade
- Servizos Socioculturais e á Comunidade
- Transporte e Mantemento de Vehículos

Graficamente, a inserción bruta das familias profesionais con respecto á citada media do 45% aparece recollida no seguinte gráfico de barras:






Os resultados son moi extremos, segundo a familia da que esteamos a falar. En xeral, a maioría das familias que destacan polo seu volume de alumnos formados (superando en todo caso o 5% do total do alumnado) obteñen resultados superiores, ou iguais, á media galega. Destacan, especialmente, a de Servizos Socioculturais (51%) e Comercio e Márketing (64%), e, en segundo termo, Hostalaría e Turismo, Transporte e Mantemento de Vehículos, e Sanidade.

Noutra banda situaríanse Administración e Xestión (40%) e Informática e Comunicacóns (38%). En consonancia con estes resultados, estas dúas familias perden presenza relativa no número de alumnos formados con respecto ao ano anterior, especialmente a familia de Informática.

Hai un grupo de familias con bos resultados pero cun volume de alumnado pouco significativo, tendo certa relevancia unicamente Seguridade e Medio Ambiente, Imaxe Persoal, e Actividades Físicas e Deportivas. Os peores resultados relativos atópanse en áreas industriais como: Electricidade e Electrónica, Instalación e Mantemento, e Madeira, Moble e Cortiza. Tres familias que representan en todo caso un 4% do total do alumnado. Tampouco podemos falar de bos resultados na familia Agraria cun 36% de inserción bruta e un 3% do total do alumnado formado.

Se atendemos aos resultados de inserción neta, tamén resultan coherentes co resultado anterior. As familias que obteñen unha inserción neta superior ao 25% de media galega son as mesmas salientadas na inserción bruta, coa excepción da familia de Transporte e Mantemento de Vehículos.

Graficamente a situación é a seguinte:





A familia Téxtil ten pouca representatividade, polo escaso número de alumnado, pero, o resultado de inserción neta, sitúaa nun primeiro lugar. Á marxe deste resultado, aparecen salientadas as familias con mellores resultados de inserción bruta, mostrándose unha clara correlación entre as dúas insercións calculadas. Como veremos no apartado 6.3., os bos resultados das familias de Seguridade e Medio Ambiente e Comercio e Márketing débense en gran parte á realización de cursos de compromiso de contratación, o que mellora substancialmente os seus resultados.

Hai tres familias que non aparecen representadas, xa que non conseguen inserir ninguén nunha ocupación relacionada co obxecto do curso: Instalación e Mantemento (1% do alumnado), e as familias Marítimo-Pesqueira e Química, cuns resultados pouco significativos polo seu volume de alumnos.

6.2. Perfil do alumnado inserido por familia profesional⁴

Nos seguintes cadros presentamos, de xeito esquematizado, o perfil máis habitual por familia profesional das persoas que conseguen un contrato nos doce meses seguintes ao remate do curso (inserción bruta):

ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS •Home •26 a 45 anos •Formación profesional	ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN •Muller •26 a 45 anos •Formación profesional	AGRARIA •Home •26 a 45 anos •Titulación ensino obrigatorio
ARTES E ARTESANÍAS •Home •26 a 45 anos •Titulación ensino obrigatorio	ARTES GRÁFICAS •Muller •26 a 45 anos •Titulados universitarios	COMERCIO E MÁRKETING •Muller •26 a 45 anos •Formación profesional
EDIFICACIÓN E OBRA CIVIL •Home •26 a 45 anos •Titulación ensino obrigatorio	ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA •Home •26 a 45 anos •Formación profesional	ENERXÍA E AUGA •Home •26 a 45 anos •Formación profesional

⁴ Para elaborar estes perfís, tivéronse en conta, de forma independente, os valores máis repetidos obtidos en cada unha das distintas variables.



FABRICACIÓN MECÁNICA •Home •26 a 45 anos •Titulación ensino obrigatorio	HOSTALARÍA E TURISMO •Muller •26 a 45 anos •Titulación ensino obrigatorio	IMAXE E SON •Home •26 a 45 anos •Formación profesional
IMAXE PERSOAL •Muller •26 a 45 anos •Titulación ensino obrigatorio	INDUSTRIAS ALIMENTARIAS •Muller •26 a 45 anos •Titulación ensino obrigatorio	INFORMÁTICA E COMUNICACIÓNS •Home •26 a 45 anos •Formación profesional
INSTALACIÓN E MANTEMENTO •Home •26 a 45 anos •Formación profesional	MADEIRA, MOBLE E CORTIZA •Home •26 a 45 anos •Titulación ensino obrigatorio	MARÍTIMO-PESQUEIRA •Muller •26 a 45 anos •Titulación ensino obrigatorio
SANIDADE •Muller •26 a 45 anos •Formación profesional	SEGURIDADE E MEDIO AMBIENTE •Home •26 a 45 anos •Titulación ensino obrigatorio	SERVIZOS SOCIOCULTURAIS E Á COMUNIDADE •Muller •26 a 45 anos •Formación profesional
QUÍMICA •Indistinto •26 a 45 anos •Indistinto	TÉXTIL, CONFECCIÓN E PEL •Muller •26 a 45 anos •Titulación ensino obrigatorio	TRANSPORTE E MANTEMENTO DE VEHÍCULOS •Home •26 a 45 anos •Titulación ensino obrigatorio



Os homes insírense en maior medida no sector primario, na construción, nas actividades técnicas e industriais e, en menor medida, nos servizos. As mulleres, pola contra, destacan claramente no sector servizos e en actividades industriais moi concretas, como a industria alimentaria ou a téxtil.

O nivel académico sitúa lixeiramente por enriba o ensino obrigatorio, aínda que seguido de cerca pola formación profesional, cunha excepción moi destacable: os titulados universitarios nas artes gráficas. Existen un grupo de familias profesionais de forte potencialidade, onde o ensino obrigatorio e o nivel máis recorrente, como Hostalaría, ou Seguridade e Medio Ambiente, por citar algunhas delas; no entanto, hai outras familias de corte máis técnico, onde a formación profesional aparece como protagonista, e nas que os cursos de formación para o emprego serven, nalgúns casos, como reciclaxe ou actualización de coñecementos.

O intervalo de idade de 26-45, pola súa amplitude, recolle a maior parte dos inseridos, de aí que apareza reflectido en todas as familias.

Atendendo as oito familias que obteñen unha inserción neta superior á media galega, debemos facer constar que presentan un perfil tipo similar ao presentado nos resultados de inserción bruta, agás nunha serie de puntualizacións que expoñemos:

- **Actividades Físicas e Deportivas-** O perfil tipo das persoas que atopan traballo relacionado co obxecto de curso segue sendo home, pero con titulación de ensino obrigatorio, e menor de 26 anos.
- **Seguridade e Medio Ambiente-** Neste caso a diferenza é que o nivel académico máis recorrente pasa a ser a formación profesional.
- **Servizos Socioculturais e á Comunidade-** O cambio é en sentido contrario, aparecendo a titulación de ensino obrigatoria en lugar da formación profesional.

Debemos de facer constar que, nestas dúas últimas familias, o nivel académico de titulación de ensino obrigatorio resulta moi similar ao da formación profesional, aparecendo en ambos os dous casos un resultado moi próximo.

6.3. Especialidades formativas con mellores resultados

Presentamos a continuación unha listaxe de cursos seleccionados por cumpriren os seguintes requisitos:

- Teren máis de 30 alumnos inseridos
- Reflectiren unha inserción bruta igual ou superior á media galega (45%)

ESPECIALIDADE FORMATIVA		Formados	Inseridos	% inserción bruta
SSCS0208	Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	693	387	56%
SSCS0108	Atención sociosanitaria a persoas no domicilio	572	321	56%
SANC3007	Auxiliar de enfermaría en xeriatría	552	258	47%



ESPECIALIDADE FORMATIVA		Formados	Inseridos	% inserción bruta
ADGX01	Inglés: xestión comercial	346	156	45%
TMVC30	Condutor de camión pesado	269	136	51%
SSCF10	Formador ocupacional	256	135	53%
SANC01	Atención especializada para enfermos de alzhéimer	284	135	48%
IFCI10	Programador de aplicacións informáticas	297	134	45%
SEAL14CCC	Formación axentes intervención parques bombeiros	137	127	93%
SSCS10	Monitor sociocultural	233	106	45%
FMEL50	Soldador de estruturas metálicas lixeiras	186	92	49%
HOTR0208	Operacións básicas de restaurante e bar	176	82	47%
SSCS01	Coidador de discapacitados físicos e psíquicos	181	82	45%
IFCM02CCC	Xestión informática e de clientes en contorno de CONTACT CENTER	75	74	99%
COMV47CCC	Dependente comercio HIPERCOR	73	73	100%
HOTR0408	Cociña	88	52	59%
AFDB10	Socorrista acuático	68	42	62%
COMV88CCC	Iniciación en vendas ECI	41	41	100%
COMV30	Vendedor técnico	78	38	49%
IMPP10	Perruqueiro	42	37	88%
HOTR0608	Servizos de restaurante	51	35	69%
SEAS10	Vixilante de seguridade privada	65	32	49%

Deste xeito, eliminamos cursos que, malia presentaren insercións elevadas, teñen un volume de alumnado que non resulta relevante nin concluínte nun estudo destas características.



Con respecto á listaxe anterior, hai que indicar, en primeiro termo, que algúns dos cursos relacionados foron dados de baixa ao se substituíren por novos certificados de profesionalidade. Non obstante, pasamos a analizar os resultados descritos atendendo á programación referida ao ano 2011.

A rama de dependencia, tanto da familia de Servizos Socioculturais como de Sanidade, destaca claramente, cun bo número de cursos situados dentro dos que contan cun maior número de inseridos. Así mesmo, cómpre salientar os resultados reflectidos polos condutores de camiós e os formadores ocupacionais. As familias citadas polo de agora, Servizos Socioculturais, Sanidade, e Transportes e Mantemento de Vehículos presentan insercións que, cando menos, igualan a media galega. No resto da táboa, atopamos cursos que pertencen a familias con bos resultados, como a Comercio, Fabricación Mecánica, Hostalería e Turismo, Seguridade e Medio Ambiente, Imaxe Persoal, ou Actividades Físicas e Deportivas, xunto con outros cursos que pertencen a familias cunha inserción inferior á media galega:

- **ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN: ADGX01** Inglés xestión comercial (45%).
- **INFORMÁTICA E COMUNICACIÓNS: IFCI10** Programador de aplicacións informáticas (45%), **IFCM02CCC** Xestión informática e de clientes en contorno de CONTACT CENTER (99%).

Estas accións formativas obteñen, por si mesmas, bos resultados.

Analizando estritamente as insercións acadadas, destacan claramente unha serie de cursos que chegan ao 55% de inserción (dez puntos por riba de inserción media):

- **SSCS0208** Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais; **SSCS0108** Atención sociosanitaria a persoas no domicilio
- **SEAL14CCC** Formación axentes intervención parques bombeiros (compromiso de contratación)
- **IFCM02CCC** Xestión informática e de clientes en contorno de CONTACT CENTER (compromiso de contratación)
- **COMV47CCC** Dependente comercio Hipercor; **COMV88CCC** Iniciación en vendas ECI (cursos con compromiso de contratación)
- **HOTR0608** Servizos de restaurante
- **HOTR0408** Cociña
- **AFDB10** Socorrista acuático (curso derogado)
- **IMPP10** Perruqueiro (curso derogado)

Se atendemos á inserción neta, é dicir, á porcentaxe de persoas que atopan traballo relacionado, o alumnado dos cursos da listaxe anterior atoparía, en xeral, bos resultados, agás nunha serie de accións formativas que pasamos a enumerar:

ADGX01 Inglés: xestión comercial

TMVC30 Conductor de camión pesado



IFCI10 Programador de aplicacións informáticas

FMEL50 Soldador de estruturas metálicas lixeiras

IFCM02CCC Xestión informática e de clientes en contorno de CONTACT CENTER

COMV30 Vendedor técnico

SEAS10 Vixilante de seguridade privada

Curiosamente aparecen os cursos das familias de Informática, e de Administración e Xestión, familias que non contan no seu conxunto con bo resultado global.

Pola contra, si que aparecen con boa inserción neta unha serie de cursos que non aparecían na listaxe anterior:

HOTR0108 Operacións básicas de cociña, incidindo no bo resultado da restauración (a inserción bruta deste curso non acadou a media galega de 45%, pero presenta unha boa inserción neta).

ADGG0208 Actividades administrativas na relación co cliente, pertencente a unha familia que por si mesma non recolle un bo resultado (a súa inserción bruta era dun 43%).

COMF14CCC Iniciación en caixa de supermercado ECI e **COMV44CCC** Dependente polivalente de distribución alimentaria, ambos compromisos de contratación, con bo resultado pero cun número de inseridos inferior a 30, motivo polo que non aparecían salientados na táboa anterior.

COMV20 Axente comercial, incidindo nos bos resultados nesta familia (a inserción bruta era dun 39%).

En definitiva, xuntando os resultados, tanto de inserción bruta como da neta, atopamos unhas áreas onde os cursos de formación para o emprego amosan mellores resultados:

- **Dependencia e coidados xeriátricos**
- **Servizos de restauración (hostalaría)**
- **Animación sociocultural**
- **Formación ocupacional**
- **Perruquería**
- **Socorrismo**

, xunto con cursos de compromisos de contratación.



7. Análise do alumnado inserido

As tres variables que se analizan neste punto son a idade, o sexo e o nivel académico.

Aproximadamente o 60% do alumnado inserido son mulleres, aínda que debemos ter en conta que o volume de mulleres formadas tamén é superior ao dos homes. Se atendemos á inserción neta, as mulleres aumentan a súa diferenza porcentual cos homes, acadando o 65%.

Se estudamos de xeito illado o nivel académico⁵ atopamos que a formación profesional é o nivel máis habitual, reflectindo un 34% do total dos inseridos, seguido polas persoas que contan con titulación de ensino obrigatorio, cun 27%. Esta mesma circunstancia repítese no cálculo da inserción neta.

O 69% dos inseridos pertencen ao grupo de idade intermedio de 26-45 anos, mentres que o grupo de máis idade representa tan só un 10% do total. A inserción neta difire lixeiramente deste resultado, xa que o intervalo de 26-45 anos acada o 63%, mentres que nos de máis de 46 anos ascende ao 13%.

O perfil máis habitual dentro dos alumnos que atopan traballo, tanto de inserción bruta como neta, queda reflectido no seguinte cadro:

Muller
26 – 45 anos
Formación profesional

7.1. Alumnado inserido por sexo e nivel académico

Na seguinte táboa presentamos os resultados porcentuais combinando estas dúas variables:

Niveis académicos	Inserción bruta		Inserción neta	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Ata certificado de escolaridade	4%	3%	4%	5%
BUP / Bacharelato superior / COU	5%	8%	4%	8%
Formación profesional	14%	20%	12%	26%
Outras titulacións	0%	0%	---	---
Titulación ensinanza obrigatoria	13%	14%	12%	16%
Titulados universitarios	5%	13%	4%	11%

⁵ Debemos deixar patente neste punto que, do total do alumnado, un 3% non ten cubertos os seus datos persoais, polo que non coñecemos o nivel académico de todos eles. Optamos por traballar o dato a pesar desta circunstancia, porque, se temos en conta o nivel formativo do contrato, atopamos que en moitos casos non é o real, xa que fai referencia ao nivel relacionado co posto de traballo obxecto deste.




TOTAL	41%	59%	35%	65%
--------------	------------	------------	------------	------------

O volume de mulleres con inserción bruta supera o dos homes en todos os niveis académicos, agás no nivel de ata certificado de escolaridade. O maior diferencial entre ambos os dous sexos é o referente aos titulados universitarios, seguido pola formación profesional.

En canto á inserción neta, as mulleres superan os homes en todos os niveis académicos, marcando unha especial diferenza no que respecta á formación profesional e, en segundo termo, na titulación universitaria.

O seguinte gráfico de barras mostra visualmente as diferenzas comentadas na análise das variables sexo- nivel académico:

Alumnos inseridos por nivel académico





7.2. Alumnado inserido por idade e nivel académico

Na seguinte táboa presentamos os resultados combinando estas dúas variables:

	Inserción bruta			Inserción neta		
	<=25	26 a 45	>=46	<=25	26 a 45	>=46
Ata certificado de escolaridade	3%	3%	1%	3%	3%	2%
BUP / Bacharelato superior / COU	2%	10%	2%	3%	8%	1%
Formación profesional	8%	24%	2%	9%	24%	4%
Outras titulacións	0%	0%	0%	-	-	-
Titulación ensino obrigatorio	6%	18%	3%	7%	16%	4%
Titulados universitarios	2%	15%	1%	2%	12%	1%
Total	21%	69%	10%	24%	63%	12%

No que respecta á inserción bruta, a formación profesional resulta o nivel académico máis habitual en todos os intervalos de idade, agás nos maiores de 45 anos, onde aparece lixeiramente salientada a titulación de ensinanza obrigatoria. Esta circunstancia repítese para a inserción neta, aínda que neste caso, os maiores igualan a formación profesional co ensino obrigatorio.


O grupo de 26 a 45, pola súa amplitude, representa un 69% do total dos inseridos, motivo polo que que conta cunha maior porcentaxe de inseridos en todos os niveis académicos. Como curiosidade, hai que salientar que presentan unha mesma porcentaxe de ata certificado de profesionalidade (3%) que os menores de 26 anos. Na inserción neta a situación é exactamente a mesma, aínda que a porcentaxe global é dun 63%, baixando en seis puntos porcentuais o seu peso no conxunto de idades.

Incidindo nesta idea, o grupo de idades intermedias é o que conta cun maior peso relativo de titulados universitarios (15% para a inserción bruta e 12% para a neta) mentres que, para os outros dous grupos, é o nivel menos representativo, acadando un 2% para os máis novos e un 1% para os de máis idade (tanto na inserción bruta como na neta).

Esta situación resulta coherente xa que, o intervalo de 26-45 anos, conta con persoas que xa remataron o seu período formativo e tratan de atopar un traballo. Os máis novos non tiveron tempo, en moitos casos, de rematar os seus estudos, ben porque continúan con eles, ou ben porque decidiron incorporarse ao mercado laboral. Por último, os maiores que teñen estudos superiores acostuman a ter unha situación laboral estable, de aí que non aparezan reflectidos en grande medida en cursos dirixidos a desempregados.



O seguinte gráfico de barras mostra as diferenzas comentadas na análise das variables sexo- nivel académico:



Se observamos a barra dos titulados universitarios apreciamos claramente o escaso peso representado, tanto polos máis novos, como polos maiores de 46 anos.



8. Análise dos contratos realizados

Consideramos interesante analizar o conxunto dos contratos realizados ao colectivo de alumnos inseridos para coñecer a súa realidade laboral.

Para levar adiante esta análise, estudaremos o número de contratos realizados segundo a actividade económica da empresa, a tipoloxía contractual e a ocupación que consta no contrato.

8.1. Actividade económica da empresa contratante


8.1.1. Clasificación por sector económico

A maioría dos contratos, un 85%, realizáronse no sector servizos. Este é o único sector onde as mulleres se sitúan claramente por enriba dos homes, acadando un 64% dos contratos rexistrados.

No resto dos sectores, os homes presentan un maior peso contractual.

Graficamente, pódese apreciar o peso que reflicte o sector servizos fronte aos outros.

Distribución da contratación por sector económico



Se atendemos aos resultados da inserción neta, os resultados aínda son máis extremos, xa que o sector servizos acada un 92% dos contratos e as mulleres representan un 68% da súa totalidade.



8.1.2. Clasificación en seccións CNAE

A Clasificación nacional de actividades económicas vixente (CNAE-2009) enumera unha serie de seccións económicas que pasamos a listar na seguinte táboa:


SECCIÓNS ECONÓMICAS CNAE- 2009		Total
A	AGRICULTURA, GANDARÍA, SILVICULTURA E PESCA	179
B	INDUSTRIAS EXTRACTIVAS	3
C	INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	441
D	SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO	1
E	SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN	29
F	CONSTRUCCIÓN	247
G	COMERCIO POR XUNTO E POLO MIÚDO; REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS	1.054
H	TRANSPORTE E ALMACENAMENTO	223
I	HOSTALARÍA	679
J	INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS	170
K	ACTIVIDADES FINANCEIRAS E DE SEGUROS	32
L	ACTIVIDADES INMOBILIARIAS	11
M	ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS	228
N	ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES	974
O	ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E DEFENSA; SEGURIDADE SOCIAL OBRIGATORIA	491
P	EDUCACIÓN	272
Q	ACTIVIDADES SANITARIAS E SERVIZOS SOCIAIS	748
R	ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO	131
S	OUTROS SERVIZOS	227
T	ACTIVIDADES DOS FOGARES COMO EMPREGADORES DE PERSOAL DOMÉSTICO; ACTIVIDADES DOS FOGARES COMO PRODUTO	31
TOTAL		6.171



A contratación realízase en distintas actividades económicas, aínda que convén incidir no importante peso das **actividades sanitarias e servizos sociais** en consonancia cos bos resultados de inserción manexados nos cursos relacionados coa dependencia. Xunto con esta, aparecen claramente destacadas a administración, o comercio (incluíndo este a reparación de vehículos) e a hostalaría.

Graficamente, a situación quedaría reflectida no seguinte diagrama de barras:


Contratos por sección CNAE-2009 (inserción bruta)





No caso da inserción neta, a sección CNAE que aparece en primeiro lugar é a de **actividades sanitarias e servizos sociais**. O comercio mantense nos primeiros postos e a hostalaría continúa en cuarta posición. No entanto, as actividades administrativas e servizos auxiliares empeoran notablemente os seus resultados, o que indicaría que o alumnado destes cursos atopa traballo pouco relacionado co obxecto do curso.

Contratos por sección CNAE-2009 (inserción neta)





8.2. Grupos ocupacionais

8.2.1. Clasificación en grandes grupos ocupacionais

A Clasificación nacional de ocupacións 2011 (CNO-2011) engloba todas as ocupacións en nove grandes grupos ocupacionais que detallamos a continuación:

GRANDES GRUPOS OCUPACIONAIS CNO-2011		Homes	Mulleres	Total
1	DIRECTORES E XERENTES	3	4	7
2	TÉCNICOS E PROFESIONAIS CIENTÍFICOS E INTELLECTUAIS	141	395	536
3	TÉCNICOS; PROFESIONAIS DE APOIO	222	233	455
4	EMPREGADOS CONTABLES, ADMINISTRATIVOS E OUTROS EMPREGADOS DE OFICINA	220	569	789
5	TRABALLADORES DOS SERVIZOS DE RESTAURACIÓN, PERSOAIS, PROTECCIÓN E VENDEDORES	674	1.708	2.382
6	TRABALLADORES CUALIFICADOS NO SECTOR AGRÍCOLA, GANDEIRO, FORESTAL E PESQUEIRO	32	14	46
7	ARTESÁNS E TRABALLADORES CUALIFICADOS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS E A CONSTRUCCIÓN (AGÁS OPERADORES DE INSTALACIÓNS E MAQUINARIA)	344	72	416
8	OPERADORES DE INSTALACIÓNS E MAQUINARIA, E MONTADORES	278	75	353
9	OCUPACIÓNS ELEMENTAIS	634	553	1.187
TOTAL		2.548	3.623	6.171

As mulleres presentan un maior número de contratos nos grupos de maior cualificación, sendo especialmente relevante o peso que reflicten no grupo de “traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores”.

Os homes presentan un maior número de contratos no grupo de “ocupacións elementais”, aínda que a diferenza con respecto ás mulleres aparece atenuada con respecto a outros anos. No entanto, onde presentan un diferencial moi importante con respecto ás mulleres é nos dous seguintes:

- **Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (agás operadores de instalacións e maquinaria).**

O 83% dos contratos son para os homes.




■ **Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores.**

Os homes representan un 79% da contratación.

Esta situación repítese se temos en conta os resultados de inserción neta, acentuándose aínda máis a masculinización dos dous grandes grupos citados.

Graficamente, esta situación aparece recollida no seguinte gráfico de barras:

Contratos por gran grupo de ocupación (inserción bruta)



Por outra banda, a inserción das mulleres aparece claramente inclinada cara a tres grupos ocupacionais:

■ **Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores.**

Este grupo ocupacional relaciónase claramente con actividades do sector servizos: hostalaría, servizos de dependencia, comercio. O 47% da contratación feminina recóllese



neste sector. (Na inserción neta a porcentaxe de mulleres contratadas en servizos ascende ao 69%).

■ **Empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina.**

Esta actividade tamén pertence ao sector servizos e recolle un 16% da contratación feminina.

■ **Técnicos e profesionais científicos e intelectuais.**

A porcentaxe de mulleres licenciadas e diplomadas é moi superior á que presenta o colectivo masculino.

8.2.2. Clasificación en grupos primarios

A clasificación en grandes grupos ocupacionais permítenos ter unha visión de conxunto das ocupacións en que, en maior medida, son contratados os alumnos inseridos.

En calquera caso, para poderemos afinar máis, debemos coñecer aqueles grupos primarios (CNO a 4 díxitos) que contan cun maior número de contratos. Deste xeito, tratamos de establecer unha correspondencia entre os cursos con mellores resultados de inserción e a contratación real do alumnado formado.

Presentamos a continuación unha táboa onde aparecen tan só os grupos primarios que teñen, polo menos, 40 contratos realizados como mostra representativa da realidade contractual do alumnado:

CON- 2011 CLASIFICADA EN GRUPOS PRIMARIOS		CONTRATOS
5220	VENDEDORES EN TENDAS E ALMACÉNS	595
5120	CAMAREIROS ASALARIADOS	442
5710	TRABALLADORES DOS COIDADOS PERSOAS A DOMICILIO	276
9210	PERSOAL DE LIMPEZA DE OFICINAS, HOTEIS E OUTROS ESTABLECEMENTOS SIMILARES	262
4500	EMPREGADOS ADMINISTRATIVOS CON TAREFAS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES	222
9700	PEÓNS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	211
4309	EMPREGADOS ADMINISTRATIVOS SEN TAREFAS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES	163
4424	TELEOPERADORES	160
5629	TRABALLADORES DOS COIDADOS ÁS PERSOAS EN SERVIZOS DE SAÚDE	153



CON- 2011 CLASIFICADA EN GRUPOS PRIMARIOS		CONTRATOS
	NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES	
2121	ENFERMEIROS NON ESPECIALIZADOS	140
5500	CAIXEIROS E VENDEDORES DE BILLETES (AGÁS BANCOS)	138
9310	AXUDANTES DE COCIÑA	110
5931	BOMBEIROS (AGÁS FORESTAIOS)	110
9811	PEÓNS DO TRANSPORTE DE MERCADORÍAS E DESCARGADORES	103
5611	AUXILIARES DE ENFERMERÍA HOSPITALARIA	103
5110	COCIÑEIROS ASALARIADOS	88
2329	PROFESORES E PROFESIONAIS DO ENSINO NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES	85
3724	MONITORES DE ACTIVIDADES RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO	80
8432	CONDUTORES ASALARIADOS DE CAMIÓN	76
5811	PERRUQUEIRO	70
9511	PEÓNS AGRÍCOLAS (AGÁS EN HORTAS, INVERNADOIROS, VIVEIROS E XARDÍNS)	69
8412	CONDUTORES ASALARIADOS DE AUTOMÓBILES, TAXIS E FURGONETAS	67
9543	PEÓNS FORESTAIOS E DA CAZA	65
9820	REPOÑEDORES	64
5492	PROMOTORES DE VENDA	57
3510	AXENTES E REPRESENTANTES COMERCIAIS	57
9601	PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS	50
3629	OUTROS PROFESIONAIS DE APOIO DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA PARA TAREFAS DE INSPECCIÓN E CONTROL E TAREFAS SIMILARES	49
5721	COIDADORES DE NENOS EN GARDERÍAS E CENTROS EDUCATIVOS	47
4423	TELEFONISTAS	47



CON- 2011 CLASIFICADA EN GRUPOS PRIMARIOS		CONTRATOS
9229	OUTRO PERSOAL DE LIMPEZA	43
5992	BAÑISTAS-SOCORRISTAS	41
5999	TRABALLADORES DOS SERVIZOS DE PROTECCIÓN E SEGURIDADE NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES	40

Imos, pois, citar aquelas áreas con mellores resultados relativos (segundo aparecen no apartado 6.3. deste informe) e a súa correspondencia cos grupos primarios destacados na táboa anterior:

■ **Dependencia e coidados xeriátricos.**

Os grupos primarios serían:

- Traballadores dos coidados persoais a domicilio (276 contratos)
- Traballadores dos coidados ás persoas en servizos de saúde non clasificados baixo outras epígrafes (153 contratos)
- Auxiliares de enfermaría hospitalaria (103 contratos)

■ **Servizos de restauración (hostalaría)**

Claramente representados en:

- Camareiros asalariados (442 contratos)
- Axudantes de cociña (110 contratos)
- Cociñeiros asalariados (88 contratos)

■ **Servizos socioculturais: Animación sociocultural.**

Estarían reflectidos en:

- Monitores de actividades recreativas e de entretemento (80 contratos)

■ **Servizos socioculturais: Formador ocupacional.**

Estarían reflectidos en:

- Profesores e profesionais do ensino non clasificados baixo outras epígrafes (85 contratos)

■ **Imaxe persoal: Perruquería**

Aparece no grupo primario:

- Perruqueiros (70 contratos)

■ **Actividades físicas e deportivas: Socorrismo.**

Os grupos con máis contratos:

- Bañistas- socorristas (41 contratos)




8.3. Tipoloxía dos contratos

No que respecta á inserción bruta, o 93% da contratación ten carácter temporal. Habería que facer un seguimento dos contratos para poder calcular cantos destes se converten en indefinidos ao longo do tempo. Tan só o 7% se corresponderían con contratos indefinidos.


O seguinte gráfico de sectores reflicte o resumo da situación:

Distribución de contratos por tipoloxía (inserción bruta)



Se debuxamos esta mesma situación para a inserción neta, atopariámonos coa seguinte situación:

Distribución de contratos por tipoloxía (inserción neta)




Como dato de interese cómpre destacar que os contratos indefinidos a tempo completo acadan un 9%, superando en catro punto porcentuais ao resultado acadado nos contratos de inserción bruta. Outra curiosidade sería comentar a maior presenza do contrato temporal a tempo parcial fronte ao temporal a tempo completo.




Os contratos a tempo parcial decántanse cara ás mulleres, tanto temporais como indefinidos, no que respecta á inserción bruta , e nos temporais a tempo parcial na inserción neta.

**Distribución dos contratos por tipoloxía e sexo
(inserción bruta)**



**Distribución de contratos por tipoloxía e sexo
(inserción neta)**





9. Conclusións

A partir da análise realizada ao longo deste informe, podemos extraer unha serie de conclusións que resaltan aspectos e reflexións que consideramos de interese:

- A Consellería de Traballo e Benestar formou ao longo do ano 2011 un total de 13.563 alumnos que acadaron un **45% de inserción laboral** (inserción bruta).
- O 66% deste alumnado xa conseguiu un traballo nos primeiros 6 meses,
- Do total dos alumnos inseridos, un 25% atopa un traballo relacionado co obxecto do curso (inserción neta), o que indicaría que 1 de cada 4 consegue traballar nas materias nas que se formou.

9.1. Análise territorial

- Os resultados de inserción bruta por provincias indican que A Coruña, Lugo e Pontevedra se sitúan lixeiramente por enriba de media galega, mentres que a provincia de Ourense acada uns resultados de inserción que ocasionan a baixada desta ata o 45%. Por outra banda, a única que supera a media de inserción neta de Galicia é A Coruña, cun 29%.
- A comparativa de inserción entre provincias e comarcas arroxa uns resultados moi extremos, o que podería indicar a maior repercusión da actual situación económica en áreas territoriais concretas.
- En termos xerais, existe unha correlación entre inserción bruta e neta, pero hai excepcións moi extremas, onde comarcas con boa inserción bruta aparecen con resultados moi discretos no cálculo da inserción neta ou ao contrario.
- Nas comarcas con menos alumnado, obtéñense mellores resultados relativos, o que pode indicar unha mellor orientación dos centros cara á demanda empresarial da zona. As comarcas de entre 30-100 formados acadan un **47% de inserción bruta** e unha **inserción neta do 29%**.

*A formación para o emprego serve para lles proporcionar formación axeitada a grupos reducidos de alumnos e en comarcas que, en moitos casos, non contan con recursos formativos que lles permita **flexibilizar a formación** en función dos requirimentos do mercado de traballo.*

9.2. Análise por familias

- Familias con máis dun 5% do alumnado, e boas insercións brutas e netas, son as seguintes: Comercio e Márketing, Hostalaría e Turismo, Sanidade e Servizos Socioculturais e á Comunidade.
- As familias con maior volume de alumnado son as que obteñen, en xeral, mellores resultados relativos.



- Os peores resultados de inserción atópanse en áreas industriais como: Electricidade e Electrónica, Instalación e Mantemento, e Madeira, Moble e Cortiza, aínda que no seu conxunto representan tan só un 4% do total do alumnado.

Anualmente o Instituto Galego das Cualificacións realiza un estudo para priorizar as familias e especialidades formativas con mellores perspectivas de emprego en cada unha das 53 comarcas galegas. Aínda que o mapa de recursos formativos é o que determina a programación anual, a elaboración do antedito informe condiciona a aprobación dunhas especialidades fronte a outras.

- As áreas en que os cursos de formación para o emprego rexistran mellores resultados son: dependencia e coidados xeriátricos, restauración, animación sociocultural, formación ocupacional, perruquería e socorrismo.
- A área de dependencia é unha das que conta cos cursos con mellores resultados relativos. Os novos certificados de profesionalidade “Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais” e o de “Atención sociosanitaria a persoas no domicilio” acadan un 56% de inserción laboral e unha inserción neta superior á media galega.
- A inserción da familia no seu conxunto pode ser orientativa pero, a inserción por especialidades, é a que indica o éxito laboral das distintas accións formativas.

A programación anual faise atendendo a necesidades concretas por especialidades. A Consellería de Traballo e Benestar vén priorizando, de xeito sistemático, a formación en servizos a dependencia, pola necesidade social detectada e os requirimentos que neste senso solicita o mercado de traballo. Así mesmo, a realización dos novos certificados de profesionalidade, supón un valor engadido que facilita, en moitos casos, a consecución dun traballo.

9.3. Análise do alumnado inserido

- As mulleres acadan unha inserción bruta de case o 60%. A inserción neta aínda consegue decantarse máis cara ás mulleres, chegando ao 65%. De feito, as catro familias con maior número de alumnado e mellores resultados, contan como perfil inserido máis habitual a mulleres.
- O número de mulleres inseridas por niveis académicos supera ao dos homes en todos os casos, tanto na inserción bruta como na neta. A única excepción é o nivel de “ata certificado de escolaridade” no que respecta á inserción bruta, onde os homes as superan nun punto porcentual.
- A formación profesional resulta o nivel académico máis habitual en todos os intervalos de idade, agás nos maiores de 45 anos, onde aparece lixeiramente salientada a titulación de ensinanza obrigatoria.



A formación para o emprego cobre as necesidades formativas de persoas que por idade ou nivel académico teñen dificultades para se incorporaren ao mercado de traballo. Así mesmo, pode servir como reciclaxe profesional a persoas con titulación profesional que se atopan en situación de desemprego, outorgándolles un valor engadido nos seus currículos e valendo, nalgúns casos, para reorientar unha carreira profesional.

9.4. Análise dos contratos realizados

- O 85% dos contratos son no sector servizos. Este é o único sector onde as mulleres se sitúan claramente por enriba dos homes, cun 64% de contratación. Se atendemos aos resultados de inserción neta, os resultados son aínda máis extremos.
- As mulleres concentran a súa contratación no gran grupo ocupacional de “Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores”, onde aparecen integrados os servizos de dependencia.
- Os homes presentan unha contratación moi superior con respecto ás mulleres nos seguintes grupos: “Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (agás operadores de instalacións e maquinaria)” e “Operadores de instalacións en maquinaria, e montadores”.
- Existe unha clara correspondencia entre os cursos con maior inserción e os grupos primarios con máis contratos.
- O 93% da contratación bruta é temporal. No último ano apréciase un incremento relevante da temporalidade a tempo parcial. O 71% da contratación temporal a tempo parcial corresponde a mulleres.
- Os contratos referidos á inserción neta obteñen unha maior porcentaxe de contratos indefinidos a tempo completo, mentres que se acentúa o volume de contratación temporal a tempo parcial.

A contratación en postos de traballo relacionados cos contidos dos cursos leva parella unha maior porcentaxe de contratación indefinida a tempo completo. Esta circunstancia podería indicar que, o valor engadido achegado polo curso de formación para o emprego, serve para axudar a conseguir un traballo estable.

galicia



XUNTA
DE GALICIA